

Usuario: _____

Data: _____

Sinala no mapa estas coordenadas:

A: 40° N (latitude) e 100° O (lonxitude)

B: 20° S (latitude) e 120° L (lonxitude)


C: 40° S (latitude) e 20° L (lonxitude)

D: 20° N (latitude) e 40° O (lonxitude)

E: 60° N (latitude) e 40° L (lonxitude)

F: 60° S (latitude) e 40° O (lonxitude)

A B C D E F



Escribe *paralelo(s)* ou *meridiano(s)*.

O que pasa polo observatorio de Greenwich é o de referencia.

O trópico de Cáncer e o trópico de Capricornio son...

Son liñas imaxinarias paralelas ao ecuador.

Son liñas imaxinarias cuns extremos que coinciden cos polos norte e sur.

A distancia que os separa do ecuador recibe o nome de latitude.

A distancia que os separa do de Greenwich recibe o nome de lonxitude.

O Círculo Polar Antártico é un...

Di como se chama(n):

Un mapa de todo o planeta Terra.

A ciencia encargada da elaboración e a interpretación dos mapas.

Son un sistema de referencia xeográfica que permite localizar espazos segundo a latitude e a lonxitude en que se atopen.

Os mapas que complementan a explicación de feitos do pasado.

Os mapas que recollen estatísticas como a densidade de poboación.


Os mapas que recollen as diversas entidades políticas ou administrativas en que se divide un territorio (países, provincias, concellos...).

Os mapas en que se representan as características físicas da superficie do planeta (relevo, hidrografía, paisaxe...).

Os mapas que mostran a situación atmosférica nun momento determinado.

Arrastra ao seu lugar.

Escala Orientación Lenda



Rede de transporte	
	Principais aeroportos
	Principais portos
	Rutas marítimas principais
	Rutas marítimas secundaria

Concepto	Definición	Imaxe
	Representa con símbolos facilmente recoñecibles os diferentes elementos da realidade (vexetación, cidades, estradas etc.).	
	É a relación entre o tamaño do mapa e o do lugar real que representa.	
	Permite coñecer a posición dos elementos representados no mapa respecto aos puntos cardinais norte, sur, leste e oeste.	

Arrastra ao seu lugar

Plano



Planisferio



Mapa



Globo terráqueo



Di en que tipo de mapa poderías buscar:

Os ríos dunha comunidade autónoma.

Os museos dunha cidade.

Unha ruta para viaxar en coche.

As fronteiras dun país.

Saber se vai chover mañá.

Os concellos de Galicia.

As estacións de ferrocarril.

O lugar onde ocorreu unha batalla da Segunda Guerra Mundial.

O clima dunha rexión.

A ruta que seguiu un explorador hai 500 anos.

As montañas de Andalucía.

Onde hai minas de carbón.

Os países de Europa.

Cal é a zona máis poboada dun país.

Arrastra ao seu lugar.

Mapa de
estradas

Mapa do
tempo

Mapa
físico

Mapa
histórico

Mapa
político

Mapa
turístico











